



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xullo 2022


Santiago de Compostela, 09 de setembro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia registrou en xullo de 2022 unha caída do 7,0% con respecto a xullo de 2021; pola contra no conxunto de España rexistrouse unha subida do 1,3%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo decreceron un 3,6% e os bens de equipo creceron un 11,3%, mentres que os bens intermedios caeron un 21,4%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 7,3%.
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden á "outras industria extractivas" que resta 3,1 puntos, a "producción de enerxía eléctrica", que retrae 1,8 puntos, a "metalurxia" que resta 1,5 puntos e a "industria da alimentación" que resta 1,1 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores repercusións positivas destacan: a "fabricación de vehículos de motor" que achega 1,4 puntos, a "confección de roupa de vestir e a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que engaden 0,4 puntos, cada una delas, á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2022



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xullo de 2022 rexistrou en Galicia un retroceso do 7,0% en taxa interanual, empeorando en 14,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (7,4%). En España rexistrouse un avance do 1,3%, inda que empeorando en 5,3 puntos con respecto á taxa acadada no mes anterior (6,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 3,6%, o que resta 1,1 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 11,3%, o que suma 2,3 puntos.
- Os **bens intermedios** baixan un 21,4%, cunha repercusión negativa do 7,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 7,3% restando 1,3 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de xuño de 2022, por destino económico, os bens de consumo empeoran 12,9 puntos, os bens de equipo empeoran 10,1 puntos, os bens intermedios empeoran 22,8 puntos e a enerxía empeora 3,8 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de xullo foron: a "outras industria extractivas" que resta 3,1 puntos, a "produción de enerxía eléctrica", que retrae 1,8 puntos, a "metalurxia" que resta 1,5 puntos e a "industria da alimentación" que resta 1,1 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan: a "fabricación de vehículos de motor" que achega 1,4 puntos, a "confección de roupa de vestir e a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que engaden 0,4 puntos, cada una delas, á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xullo moveuse entre o -7,6% de Navarra e o 16,9% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Murcia (10,4%), Andalucía (9,1%), Aragón (5,6%), Comunitat Valenciana (5,4%), Canarias (4,9%), Asturias (3,5%), Madrid (3,1%) e País Vasco (1,9%).

IPI Xullo 2022 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodológicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	97,7	-7,0	-1,9	--	--
Bens de consumo	128,8	-3,6	10,0	-1,1	2,7
Bens de equipo	92,9	11,3	-0,1	2,3	0,0
Bens intermedios	107,8	-21,4	-2,0	-7,0	-0,6
Enerxía	65,6	-7,3	-18,7	-1,3	-4,0
España					
Xeral	109,3	1,3	3,2	--	--
Bens de consumo	108,3	-0,6	5,1	-0,2	1,3
Bens de equipo	106,5	1,6	3,3	0,4	0,7
Bens intermedios	109,7	-5,0	-0,3	-1,6	-0,1
Enerxía	113,0	13,2	6,5	2,7	1,3

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xullo 2022

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-7,0		-1,9		
Confección de roupa de vestir	8,3	0,4	43,9	2,2	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-5,2	-0,3	24,5	1,2	3,6
Fabricación de mobles	1,0	0,0	31,4	0,5	1,1
Fabricación de bebidas	-2,1	-0,1	12,3	0,5	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-4,0	-0,3	4,9	0,4	7,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	14,1	0,4	11,5	0,3	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,4	0,0	13,5	0,3	2,0
Industria química	-16,9	-0,3	18,6	0,3	1,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	4,5	0,1	3,7	0,1	4,1
Outras industrias manufactureiras	19,9	0,1	11,9	0,1	0,5
Industria téxtil	-17,3	-0,1	-2,9	0,0	0,6
Industria do papel	-26,2	-0,6	-6,1	-0,1	2,2
Fabricación doutro material de transporte	-3,8	0,0	-17,3	-0,2	2,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-4,2	-0,1	-7,7	-0,2	2,5
Outras industrias extractivas	-66,4	-3,1	-13,8	-0,2	1,1
Industria da alimentación	-7,0	-1,1	-1,6	-0,2	13,2
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-33,5	-0,5	-32,5	-0,5	1,4
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	-30,5	-1,5	-19,7	-1,0	5,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	15,3	1,4	-8,3	-1,1	13,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-14,2	-1,8	-27,4	-4,7	22,3
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xullo 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	109,3	1,3	3,2
Galicia	97,7	-7,0	-1,9
Andalucía	110,4	9,1	5,6
Aragón	109,1	5,6	6,7
Asturias	106,8	3,5	2,8
Baleares (Illes)	111,8	16,9	20,1
Canarias	96,3	4,9	5,4
Cantabria	104,6	-6,4	-1,4
Castilla - La Mancha	108,9	0,7	6,7
Castilla y León	88,4	-4,6	-3,9
Cataluña	109,4	-2,3	1,1
Comunitat Valenciana	117,8	5,4	3,9
Extremadura	112,1	-3,5	4,3
Madrid	114,8	3,1	5,0
Murcia	137,2	10,4	6,4
Navarra	101,8	-7,6	3,1
País Vasco	111,5	1,9	6,0
Rioja (La)	88,7	-1,6	3,4

Fonte: INE